

# RESUMO DE CONTIDOS

## Gallaecia 2.0: do Império Romano ao Reino Suevo

Xeografía e Historia  
1º ESO



### Índice

Os pobos “bárbaros”: as migracións dos séculos IV-V e a caída do Imperio Romano.....	2
Introdución.....	2
Antecedentes: caída do Imperio Romano e situación xeográfica dos pobos xermánicos.....	2
Concepto de “bárbaro”.....	3
Traballo coas fontes: Tácito.....	3
Invasións bárbaras vs Migracións dos séculos IV-V.....	3
A Península Ibérica nos séculos IV-V.....	4
Os pobos xermánicos na Península: suevos, vándalos e alanos.....	4
Paganismo, arrianismo e cristianismo.....	4
Os inicios da Idade Media: o Reino Suevo de Galicia.....	5
O primeiro reino medieval en Europa.....	5
Restos materiais do reino suevo.....	6

# Os pobos “bárbaros”: as migracións dos séculos IV-V e a caída do Imperio Romano

## Introdución

Neste recurso estudarás a caída do Imperio Romano e a chegada dos pobos xermánicos ao sur de Europa. Tradicionalmente estes pobos recibiron o nome de “bárbaros”, pero esta visión deturpada e parcial hoxe está amplamente superada. Aquí aprenderás que levou a desintegración do Imperio Romano, onde se asentaron ese pobos xermánicos e como foron as relacións coa sociedade local. Tamén aprenderás que restos nos deixaron e que pegada tivo a súa presenza na formación da Europa actual.

## Antecedentes: caída do Imperio Romano e situación xeográfica dos pobos xermánicos

Como aprendiches na unidade anterior, o Imperio romano abarcaba case toda a totalidade do territorio europeo, dende as illas británicas ata Asia Menor, a Península Ibérica e o norte de África. Durante o séculos III e IV d.C. a situación política foi moi inestable. Como o territorio era demasiado grande para poder controlalo, a finais do século III o Imperio dividiuse en dous: o Imperio Romano de Occidente e o Imperio Romano de Oriente. A capital do Imperio Romano de Occidente seguiu sendo Roma, pero no século IV o emperador Constantino fundará Constantinopla (hoxe Estambul), que será a capital do Imperio Romano de Oriente.

Ademais, o exército, que era unha ferramenta clave para manter a unidade do Imperio, estaba formado por tropas mercenarias e unha serie de emperadores débiles cunhas malas políticas levaron ao que se coñece como Caída do Imperio Romano de Occidente.

Esta situación foi aproveitada polos pobos xermánicos do norte de Europa. Estes pobos ocupaban as zonas que hoxe se corresponderían con Alemaña, Dinamarca, Polonia e Chequia, e que delimitaban o limes, a fronteira norte do Imperio. A finais do século IV os hunos, un pobo guerreiro orixinario de Asia central, comezou a expandirse por Europa. Os pobos xermanos, aproveitando a debilidade do Imperio romano, fuxiron cara o Sur, cruzando a fronteira e ocupando territorios de Roma.

Na Península Ibérica asentáronse os suevos, na zona da Gallecia; os vándalos, no sur e no norte da Península; e os alanos, na parte central.

Tradicionalmente esta “caída do Imperio” occidental relacionouse coa invasión destes pobos xermánicos que os historiadores romanos describiron como “bárbaros” para indicar o seu descoñecemento da cultura grecorromana.

## Concepto de “bárbaro”

A palabra “bárbaro” deriva do termo grego “barbarophonos”, que se empregaba para distinguir a aqueles pobos que non falaban grego. Posteriormente asimilouse para definir ás xentes que non pertencían a civilización grega ou romana e, polo tanto, non falaban nin latín nin grego.

Como xa aprendiches na unidade adicada a Grecia, o pobo grego considerábase superior a outras civilizacións, e os seus enfrontamentos foron constantes, especialmente cos persas a quen consideraban “bárbaros”. O termo adquiriu connotacións negativas, xa que en Grecia considerábase inferior a todo aquel que non falaba grego -ou que o falaba de xeito incorrecto-, e “ser un bárbaro” acabou significando o mesmo que non ter educación ou intelixencia.

O que ocorre con este tipo de cuestións é que a visión que se ofrece deses pobos é subxectiva, e non se pode esquecer que todo historiador ou historiadora é un ser humano cos seus propios puntos de vista, coas súas experiencias e prexuizos.

Tendo isto en conta, cómpre achegarnos á visión que os historiadores romanos nos deixaron deses pobos do norte de Europa e dos seus costumes tan diferentes dos da propia Roma imperial.

### Traballo coas fontes: Tácito

O escritor Tácito, que viviu entre os séculos I e II d.C., é autor dunha obra chamada *Dos costumes, sitios e pobos de Xermania* onde recolle a seguinte descrición:

“O vestido de todos eles é túnica ou albornoz que pechan con fibela, ou non tendo, con espiña, ou algo parecido, e sen poñerlles nada máis, quedan todo o día no lume. Os máis ricos difiren no seu vestido, pero non levan un vestido ancho, como os sármatas e partos, senón estreito, e de tal xeito que revela a marca de cada membro. Tamén traen peles de animais salvaxes, os que están preto das ribeiras do Rin, sen que se preocupe por iso; pero os que viven no interior, con máis curiosidade, como os que non teñen outro traxe aprendido polo oficio e o trato da nosa xente. Escollen os animais salvaxes, e as peles que lles sacan decóranas con manchas que confeccionan, e con outras de monstros mariños que xera o océano máis setentrional e o mar que non coñecemos. As mulleres levan o mesmo hábito que os homes, pero os seus vestidos son a maioría das veces feitos de liño, tinguidos con traballos morados e sen mangas, porque os brazos e as costas están ao descuberto, así como a parte superior do peito.”

### Invasións bárbaras vs Migracións dos séculos IV-V

Na actualidade, esta visión deturpada dos pobos xermánicos está superada. Sabemos que moitos deses pobos xermanos asimiláronse dentro da cultura grecorromana e que, tras o rexeitamento inicial, foron unha parte importante da sociedade antiga.

A chegada dun grande número de xente con costumes tan diversas ao Imperio tivo que ser un feito moi impactante para a xente de Roma e, como adoita ocorrer, a desconfianza é o primeiro que se sente cara a diferenza.

## A Península Ibérica nos séculos IV-V

### Os pobos xermánicos na Península: suevos, vándalos e alanos

Como xa comentamos anteriormente, na Península Ibérica asentáronse os suevos, os vándalos, e os alanos. Estes pobos eran todos orixinarios da Xermania (máis ou menos a actual Alemaña), e chegaron á Península no ano 409.

**Traballo coas fontes: o Cronicón de Hidacio:** Hidacio foi un sacerdote orixinario de Xinzo de Limia que chegou a ser bispo de Chaves, en Portugal. Viviu entre os anos 400 e 469, polo que foi testemuño directo da chegada dos suevos a Galicia, e escribiu unha crónica que recolle os feitos históricos do seu momento. Grazas a el coñecemos como se repartiron os territorios os pobos xermánicos:

“Despois de espallar estas pragas polas provincias de Hispania, o Señor tivo piedade e os bárbaros víronse obrigados a facer a paz, repartindo os territorios das provincias para establecerse alí. Os vándalos ocuparon Galicia e os suevos a parte situada ao oeste na beira do océano. Os alanos asignáronse a si mesmos as provincias de Lusitania e Cartaxena, os vándalos silingos, Bética. Nas cidades e fortalezas, os hispanos aforraban as desgrazas sometidas ao dominio dos bárbaros que gobernaban as súas provincias.”

De acordo co testemuño de Hidacio, os vándalos ocuparon o norte da Gallaecia, o que hoxe se correspondería con Asturias e as provincias da Coruña e Lugo, e o sur da Península. Os alanos ocuparon o centro peninsular e case toda a zona da Lusitania (Portugal), mentres que os suevos asentáronse no sur da Gallecia (a zona norte de Portugal e as provincias de Pontevedra e Ourense).

Como xa aprendiches na unidade anterior, o Imperio romano convertiuse oficialmente ao cristianismo durante o reinado de Teodosio, aínda que o emperador Constantino xa permitira que os cristiáns puideran exercer a súa relixión libremente. Cando chegaron os pobos xermánicos, estes trouxeron os seus propios costumes e relixións, pero unha mostra da adaptación foi que se acabaron convertindo ao cristianismo.

### Paganismo, arrianismo e cristianismo

Hidacio era de orixe nobre, e como membro da Igrexa pertencía á clase dirixente. A chegada do pobo suevo supuxo para el un problema, xa que non profesaba a mesma fe: mentres que o cristianismo era a relixión oficial do Imperio Romano dende o ano 380, os suevos eran pagáns, é dicir, non crían no Deus cristián e adoraban aos seus propios deuses nórdicos. Sen embargo, ao chegaren á Península moitos deles convertéronse ao arrianismo: un cristianismo lixeiramente diferente e que non estaba aprobado pola Igrexa de Roma.

Hidacio, como bispo, non aprobaba esta relixión e para el foi unha fonte de conflito constante co pobo suevo. Finalmente os reis suevos converteranse ao cristianismo durante o reinado de Teodomiro, no ano 570 d.C., grazas ao labor de Martiño de Dumio, bispo de Braga. Martiño de Dumio tamén se encargou da reorganización das dioceses e da división do territorio en parroquias por encargo do mesmo rei. Este feito axudou a asentarse o poder da monarquía, que así tiña a mesma relixión que o pobo.

## Os inicios da Idade Media: o Reino Suevo de Galicia

### O primeiro reino medieval en Europa

Logo de asentarse na Gallaecia no ano 409, os suevos constituíron un reino independente no ano 411, tras un acordo co Imperio romano, co que asinaron un foedus. Foi o primeiro reino medieval europeo, polo que nesta unidade estamos a estudar un período de cambios, xa que o reino suevo supón falar do paso da Idade Antiga á Idade Media. Resulta sorprendente o descoñecido que segue a ser este reino, xa que ao estar en terra de ninguén (finais da Idade Antiga e principios da Idade Media) a historiografía non lle prestou a atención que debería.

O primeiro rei dos suevos foi Hermerico. Trátase do primeiro rei de Europa despois da caída do Imperio romano! Cando Hermerico morre é sucedido polo seu fillo, Requila. E tras el viñeron unha serie de reis que aumentaron o territorio baixo o dominio suevo. Estes reis suevos non se converteron á relixión cristiá, polo que Hidacio os describe como verdadeiros bárbaros e salvaxes. Di que incluso nunha época de fame, as nais comían aos propios fillos! Isto resulta unha esaxeración, pero temos que lembrar que a Historia sempre se escribe dende un punto de vista e rara vez é algo obxectivo.

Os suevos estableceron Braga como a capital do seu reino, que no momento de máxima expansión ocupaba todo o territorio da actual Galicia e parte de Portugal ata o río Texo, e polo leste ata a actual Palencia. Ademais, outro aspecto que demostra a importancia do Reino Suevo foi o feito de que acuñaran a súa propia moeda, pero sobre isto voltaremos máis adiante.

Mentres tanto, os godos (outro pobo xermano), expandíronse pola Península Itálica e pola Ibérica. En Italia estaban os ostrogodos, mentres que en Hispania foron os visigodos. Este pobo mantivo unha relación guerreira cos suevos, pero grazas aos seus historiadores sabemos algúns datos do que ocorre entre os anos 469 e 550. Por que deixamos de saber que ocorre no reino suevo a partir do ano 469? Porque é o ano no que morre o bispo Hidacio! Sen embargo, a estabilidade non duraría moito: os visigodos tiñan postos os ollos no reino suevo, e no ano 585 foi conquistado polo rei visigodo Leovixildo. Remataba así a presenza dos suevos na Gallaecia.



## Restos materiais do reino suevo

A presenza do pobo suevo en Galicia deixou algunhas pegadas materiais que aínda se poden ver a día de hoxe.

Xa comentamos que un dos aspectos importantes que demostran a estabilidade política do momento foi o feito de que acuñaran as súas propias moedas. Unha das máis importantes é o siliqua de prata de Requiario. Trátase dunha moeda única no período, xa que nunha cara da moeda aparece a efixie do emperador Honorio e na outra a inscrición "IVSSU RICHIARI REGES", que quere dicir "acuñada pola orde do rei Requiario". Noutros territorios europeos as moedas eran as oficiais do imperio, pero os suevos son o primeiro reino que emite a súa propia moeda! Ademais deste feito único, é unha moeda moi rara, xa que soamente se conservan seis exemplares destas repartidos en museos de Portugal e Alemaña.



[Staatliche Museen zu Berlin](#). *Siliqua de prata do rei Requiario* (CC BY-SA)

Outra pegada dos suevos atópase na arquitectura. Na provincia de Ourense, concretamente no concello de Esgos, atópase o mosteiro de San Pedro de Rochas. A súa fundación remóntase ao ano 573 (é dicir, despois da conversión do rei Teodomiro ao cristianismo) e nel atopamos unha serie de restos materiais que datan da época sueva, aínda que a maioría do que podemos ver hoxe pertence a épocas posteriores. Unha das pezas máis significativas é unha inscrición na que se recolle a data de fundación do mosteiro e que se atopa no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. [Preme aquí para vela!](#) Sen embargo, unha das cousas máis impactantes do mosteiro de San Pedro de Rochas son os sepulcros antropomorfos excavados na propia rocha. Estes atópanse ao redor da igrexa, e foron os lugares nos que se enterraron as persoas que vivían no mosteiro. As lápidas que cubrían estes sepulcros perdéronse, xa que en épocas posteriores era habitual reutilizar as tumbas ou os materiais para outras construcións. Hoxe en día nos mosteiros viven monxes e monxas, pero no séculos IV-V as regras non estaban tan claras, e moitos

mosteiros tiñan un carácter familiar ou eran mixtos, onde convivían homes e mulleres consagrados á relixión.



HombreDHojalata. Sepulcros antorpomorfos de San Pedro de Rochas (CC BY-SA)



“Gallaecia 2.0”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)